

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 11 DE MARZO DE 2021

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M. Carmen

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina

PDI

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé R.

Estudantes

Lozano Ramírez, A. Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpa ausencia:

PDI

Presedo Garazo, Antonio

A xunta realízase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o xoves 11 de marzo de 2021, ás 16.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2021.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, do acordo de solicitude de axuda para a organización das “Olimpiadas do Saber” convocadas pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria
4. Aprobación, se procede, do cambio de data do exame de Historia Moderna Universal do 2º cuatrimestre.
5. Aprobación, se procede, dos seguintes documentos validados na Comisión de Calidade:
 - 5.1. Prórroga ou revisión do plan de actuación de liñas estratéxicas.
 - 5.2. Procedemento de servizos contratados para o curso 2020/21.
 - 5.3. Procedemento de servizos permanentes para o curso 2020/21.
 - 5.4. Novo procedemento de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.
 - 5.5. Guía do PAT.
 - 5.6. Política e obxectivos de calidade para o curso 2020/2021.
 - 5.7. Informe de revisión pola dirección do curso 2019/2020.
6. Rolda de intervencións.

A decana da lectura ao nome do membro da Xunta de Facultade que desculpa a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2021.

A profesora Beatriz Vaquero, solicitou por correo electrónico unha pequena modificación do extracto da súa intervención. Modificarase nos termos indicados.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da presidenta.

A decana informa sobre os seguintes aspectos:

- En relación á proposta formulada na anterior xunta de facultade, sobre a realización dun ciclo de conferencias con participación de todas as áreas, houbo unha maior coincidencia no título: “Poder e Territorio”. Xa temos case todas as propostas de conferenciantes salvo a Área de Historia Moderna. Non se formularon propostas de título conxunto por parte das Áreas de Medieval e Ciencias e Técnicas Historiográficas. Haberá tres conferencias cada día, os venres 9, 16 e 23 de abril, agás un día que se realizarán catro. De momento só se prevé que o 23 sexa presencial, con profesorado da USC.

- Hoxe estivo na facultade o reitor para a presentación da revista Minius, logo desprazouse, xunto coa vicerreitora de campus, a decana e Adolfo Fernández e Fermín Pérez, ao concello de Baños de Molgas para asinar un convenio marco e outro específico entre ambas institucións. O contacto foi realizado pola profesora Beatriz Comendador.

- Houbo Consello de Campus pero non hai novidades importantes que afecten directamente ao centro. O vicerreitor de profesorado comentou o novo mapa de titulacións, no que se contempla a implantación de 15 novos mestrados, pero ningún deles se relaciona co ámbito das humanidades.

- Hai que refacer as quendas de 1º e 2º porque non son coincidentes e isto afecta ao alumnado do PCEO a quen non lle coincide en todas as materias a semana de presencialidade. Non afectará á dinámica da docencia, senón as persoas que acoden a aula. A decana informará ao profesorado cando atopen unha solución.

3. Aprobación, se procede, do acordo de solicitude de axuda para a organización das “Olimpíadas do Saber”, convocadas pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.

A axuda será como máximo de 1.000 euros, e estará dirixida á subvencionar parte dos gastos xerados pola IV Olimpíada Galega de Historia. Xa temos once centros inscritos.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do cambio de data do exame de Historia Moderna Universal do 2º cuadrimestre.

Explica María López, que o cambio obedece a un compromiso académico do profesor Antonio Presedo. Comentouse co alumnado e chegouse a un acordo. O exame de Historia Moderna Universal que estaba previsto para o 11 de xuño, realizarase o 10 de xuño ás 18.00 h.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, dos seguintes documentos validados na Comisión de Calidade:

A decana indica que, como ven sendo habitual, previamente, estes asuntos foron tratados e validados en Comisión de Calidade. No suposto de que alguén desexe algunha aclaración ao respecto da documentación incluída en esta convocatoria, pode realizala. Non se formulan preguntas, propónse pois a aprobación dos seguintes puntos:

5.1. Prórroga ou revisión do plan de actuación de liñas estratéxicas.

Apróbase por asentimento.

5.2. Procedemento de servizos contratados para o curso 2020/21.

Apróbase por asentimento.

5.3. Procedemento de servizos permanentes para o curso 2020/21.

Apróbase por asentimento.

5.4. Novo procedemento de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo.

Apróbase por asentimento.

5.5. Guía do PAT.

Apróbase por asentimento.

5.6. Política e obxectivos de calidade para o curso 2020/2021.

Apróbase por asentimento.

5.7. Informe de revisión pola dirección do curso 2019/2020.

Neste informe, inclúense as achegas realizadas polo profesorado.

Apróbase por asentimento.

6. Rolda de intervencións.

Pide a palabra a profesora Beatriz Comendador, para indicar que enviará os datos de contacto duns colegas que están interesados en asinar un convenio entre os seus concellos e a universidade. Serían interesantes para realización de prácticas. A decana indícalle que envíe os datos para contactar con eles.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 16.30 h do día 11 de marzo de 2021, da que eu como secretaria , dou fe co visto e prace da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba